

Directorio de empresas

Datos correspondentes ao ano 2024

Data de publicación 30/12/2025

Principais resultados

- O número de empresas economicamente activas en Galicia situouse en 234.066 a día 1 de xaneiro de 2024, o que supón unha diminución interanual do 0,39 %.
- Aumenta o número de empresas con sede social fóra de Galicia nun 2,9 % con respecto ao ano anterior.
- O 10,07 % das empresas activas dedícanse a actividades profesionais, científicas e técnicas.

1. Introducción

O [Directorio de empresas e unidades locais](#) recolle as empresas con sede en Galicia e as empresas con sede social no resto de España, pero que exercen unha ou varias actividades económicas no noso territorio.

O Regulamento (CEE) núm. 177/2008 do Parlamento Europeo e do Consello establece que nos rexistros de empresas se deberán incluír todas as empresas que exerzan unha actividade económica que contribúa ao Produto Interior Bruto (PIB) e as súas unidades locais. Para adaptarse a este regulamento, o Directorio de empresas e unidades locais do [Instituto Galego de Estatística \(IGE\)](#) inclúe a partir de 2014 as actividades económicas das seccións A (agricultura, gandería, caza, silvicultura e pesca) e O (administración pública, defensa e seguridade social obrigatoria) da [Clasificación Nacional de Actividades Económicas \(CNAE-2009\)](#).

Non obstante, non se consideran as empresas nin as unidades locais con actividade principal pertencentes ás seguintes seccións da CNAE-2009:

- T: Actividades dos fogares como empregadores de persoal doméstico; actividades dos fogares como produtores de bens e servizos para uso propio
- U: Actividades de organizacións e organismos extraterritoriais

Con carácter xeral, o directorio ten como data de referencia o día 1 de xaneiro de cada ano.

Coa entrada en vigor do Regulamento EBS 2019/2152 da Comisión Europea e do seu Acto de Implementación 2020/1197, no directorio do ano anterior (2023) introducíronse cambios metodolóxicos para aproximarse á **nova definición de empresa economicamente activa**. Como consecuencia, o cómputo de empresas activas na explotación estatística do Directorio de Empresas e Unidades Locais de Galicia vese alterado a partir do ano 2023, polo que **os datos resultantes non son comparables cos dos anos anteriores**.

2. Empresas activas segundo a sede social

Segundo a Explotación estatística do directorio de empresas e unidades locais que elabora o IGE, durante o ano 2023 o número de empresas economicamente activas en Galicia diminuíu un 0,39 % con respecto ao ano anterior, situándose nas 234.066 empresas o día 1 de xaneiro de 2024.

Número de empresas activas en Galicia segundo o sector de actividade. Ano 2024

Unidade: número de empresas

Actividade económica	Fóra de Galicia	Galicia	Total
Total	4.609	229.457	234.066
- Agricultura e pesca	50	35.237	35.287
- Industria, incluída a enerxía	365	12.487	12.852
- Construción	332	26.374	26.706
- Servizos	3.862	155.359	159.221

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).

O 98,03 % das empresas teñen a súa sede social en Galicia e o 1,97 % fóra da comunidade.

Número de empresas activas en Galicia segundo a sede social

Unidade: número de empresas, porcentaxe

Ámbito xeográfico	2023	2024	Variación absoluta	Variación relativa
Fóra de Galicia	4.479	4.609	130	2,90
Galicia	230.501	229.457	-1.044	-0,45
A Coruña	93.688	93.353	-335	-0,36
Lugo	33.861	33.282	-579	-1,71
Ourense	24.816	24.644	-172	-0,69
Pontevedra	78.136	78.178	42	0,05


Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).

3. Empresas activas segundo a personalidade xurídica

A persoa física é a personalidade xurídica máis habitual no tecido empresarial galego cun 62,41 % das empresas economicamente activas con actividade en Galicia. En segundo lugar, as sociedades limitadas, cun 27,54 %.

Distribución das empresas activas con actividade en Galicia segundo a súa personalidade xurídica. Ano 2024

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

A distribución das empresas segundo a personalidade xurídica varía por sectores de actividade. No primario (agricultura e pesca), o 82,89 % das empresas economicamente activas son persoas físicas. Na industria e a enerxía esta porcentaxe baixa ata o 39,35 %; aquí, case a metade das empresas activas (o 50,23 %) adoptan a forma xurídica de sociedade limitada.

Na construción o peso das persoas físicas tamén supera ao das sociedades limitadas, pero ambas porcentaxes están máis próximas que no sector primario (57,57 % e 36,55 %, respectivamente).

Nos servizos, o 60,55 % das empresas activas corresponden a persoas físicas; o 29,03 %, a sociedades limitadas; o 1,40 %, a sociedades anónimas; o 0,51 %, a cooperativas e o 8,51 % restante adopta unha forma xurídica distinta das anteriores.

Distribución porcentual das empresas activas segundo a súa personalidade xurídica e o seu sector de actividade. Ano 2024

Unidade: porcentaxe

Actividade económica	Persoas físicas	Sociedades anónimas	Sociedades limitadas	Cooperativas	Outros
Total	62,41	1,40	27,54	0,54	8,10
- Agricultura e pesca	82,89	0,23	5,70	0,64	10,54
- Industria, incluída a enerxía	39,35	4,95	50,23	1,00	4,48
- Construción	57,57	1,28	36,55	0,38	4,21
- Servizos	60,55	1,40	29,03	0,51	8,51

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).

4. Empresas activas segundo a actividade principal

Atendendo á actividade principal segundo a CNAE-2009, o 18,49 % das empresas economicamente activas dedícanse a actividades de comercio e reparacións. Séguenlle en importancia as empresas dedicadas á agricultura, gandaría, silvicultura e pesca (15,08 %) e á construción (11,41 %).

Número de empresas activas en Galicia segundo a actividade principal (seccións da CNAE-2009). Ano 2024

Unidade: número de empresas, porcentaxe

Actividade económica	Número de empresas	Porcentaxe
Total	234.066	100,00
A AGRICULTURA, GANDARÍA, SILVICULTURA E PESCA	35.287	15,08
B INDUSTRIAS EXTRACTIVAS	176	0,08
C INDUSTRIA MANUFACTUREIRA	11.939	5,10
D FORNECEMENTO DE ENERXÍA ELÉCTRICA, GAS, VAPOR E AIRE ACONDICIONADO	443	0,19
E FORNECEMENTO DE AUGA, ACTIVIDADES DE SANEAMENTO, XESTIÓN DE RESIDUOS E DESCONTAMINACIÓN	294	0,13
F CONSTRUCIÓN	26.706	11,41
G COMERCIO POR XUNTO E AO RETALLO; REPARACIÓN DE VEHÍCULOS DE MOTOR E MOTOCICLETAS	43.287	18,49
H TRANSPORTE E ALMACENAMENTO	12.018	5,13
I HOSTALARÍA	18.550	7,93
J INFORMACIÓN E COMUNICACIÓNS	3.591	1,53
K ACTIVIDADES FINANCEIRAS E DE SEGUROS	4.830	2,06
L ACTIVIDADES INMOBILIARIAS	7.681	3,28
M ACTIVIDADES PROFESIONAIS, CIENTÍFICAS E TÉCNICAS	23.561	10,07
N ACTIVIDADES ADMINISTRATIVAS E SERVIZOS AUXILIARES	7.872	3,36
O ADMINISTRACIÓN PÚBLICA E DEFENSA; SEGURANZA SOCIAL OBRIGATORIA	455	0,19
P EDUCACIÓN	7.739	3,31
Q ACTIVIDADES SANITARIAS E DE SERVIZOS SOCIAIS	9.499	4,06
R ACTIVIDADES ARTÍSTICAS, RECREATIVAS E DE ENTRETENIMENTO	6.968	2,98
S OUTROS SERVIZOS	13.170	5,63

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).

5. Empresas activas segundo o estrato de asalariados

O día 1 de xaneiro de 2024 había en Galicia un total de 153.951 empresas activas sen asalariados, o que supón aproximadamente o 65,77 % do total. Ademais, 42.583 empresas activas contaba con un ou dous asalariados (o 18,19 % do total). As empresas activas con polo menos 20 asalariados representan o 2,33 % do total.

As porcentaxes máis altas de empresas activas con ningún, un ou dous asalariados obsérvanse no sector primario, onde o 96 % teñen esta característica. No outro extremo atópase o sector industrial (incluída a enerxía), onde a porcentaxe de empresas activas que non chega a tres persoas asalariadas é do 63,2 %.

Número de empresas activas en Galicia segundo o estrato de asalariados. Ano 2024

Unidade: número de empresas, porcentaxe

Estrato de asalariados	Número de empresas	Porcentaxe
Todos	234.066	100,00
sen asalariados	153.951	65,77
de 1 a 2 asalariados	42.583	18,19
de 3 a 5 asalariados	18.196	7,77
de 6 a 9 asalariados	8.076	3,45
de 10 a 19 asalariados	5.815	2,48
de 20 a 49 asalariados	3.479	1,49
de 50 a 99 asalariados	1.073	0,46
de 100 a 249 asalariados	597	0,26
de 250 a 499 asalariados	169	0,07
500 ou máis asalariados	127	0,05

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).

6. Demografía empresarial

Durante o ano 2023 o saldo empresarial total foi negativo: 19.894 empresas de alta e 20.808 de baixa. Os saldos foron positivos tanto na provincia de Pontevedra como nas empresas con sede social fóra de Galicia, con saldos a favor de 39 e 107, respectivamente.

Altas, baixas e permanencias de empresas en Galicia. Ano 2024

Unidade: número de empresas, porcentaxe

Ámbito xeográfico	Altas	Permanencias	Baixas
Fóra de Galicia	475	4.134	368
Galicia	19.419	210.038	20.440
- A Coruña	7.909	85.444	8.236
- Lugo	2.304	30.978	2.871
- Ourense	2.137	22.507	2.303
- Pontevedra	7.069	71.109	7.030

Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#)).


7. Unidades locais activas

O 42,24 % das unidades locais de empresas activas en Galicia o día 1 de xaneiro de 2024 estaban situadas nalgún dos 7 grandes municipios galegos. Os concellos de Vigo e A Coruña son os que concentran un maior número de unidades locais, con 26.079 e 24.438, respectivamente.

O 3,04 % das unidades locais activas empregan a 20 ou máis asalariados. Un total de 73 concellos presentan unha porcentaxe superior a esta media, salientando Carballeda de Valdeorras onde esta tipoloxía representa o 24,6 % das unidades locais.

**Número de unidades locais activas (non se inclúe o sector primario nin a administración pública).
Ano 2024**


Unidade: número de unidades locais



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

Porcentaxe de unidades locais activas con 20 ou máis asalariados/asalariadas (non se inclúe o sector primario nin a administración pública). Ano 2024

Unidade: porcentaxe



Fonte: IGE. Directorio de empresas e unidades locais ([descarga da táboa](#))

8. Metodoloxía, definicións, fontes e máis información

Metodoloxía

- Metodoloxía

Definicións

- Definicións

Descarga de datos

- Empresas con actividade en Galicia segundo a actividade principal (grupos CNAE-2009) e condición xurídica. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Empresas con actividade en Galicia segundo o estrato de asalariados. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Empresas con actividade en Galicia segundo a actividade principal (grupos CNAE-2009) e estrato de asalariados. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Altas, baixas e permanencias segundo a sede social. España, Galicia, provincias, comarcas e concellos
- Unidades locais en Galicia segundo a actividade principal e o estrato de asalariados. Galicia, provincias, comarcas e concellos